

MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. RUMINANTES. PORCINO. AVES. OUTRAS ESPECIES. PAC



MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. RUMINANTES. PORCINO. AVES. OUTRAS ESPECIES. PAC

XUNTA DE GALICIA
Consellería do Medio Rural e do Mar
Santiago de Compostela
2014

Coordinación:

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez

José Luis Puerta Villegas

Isabel Blanco Penedo

María del Mar Yllera Fernández

Autores:

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez (Xunta de Galicia – España)

José Luis Puerta Villegas (Xunta de Galicia – España)

Joaquim Lima Cerqueira (IPVC – Portugal)

María del Mar Yllera Fernández (USC – España)

Ángeles Moreno Grande (ACRUGA – España)

Isabel Blanco Penedo (IRTA – España)

José Pedro Araújo (IPVC – Portugal)

Mercedes Camiña García (USC – España)

Yolanda Trillo Dono (Universidad de Davis – USA)

María Elena Fernández Rodríguez (USC – España)

Edita: Xunta de Galicia Consellería do Medio Rural e do Mar

Ano: 2014

RUMINANTES (becerros, vacún maior, ovino e caprino)

1. O rexistro de tratamentos veterinarios na explotación, deberá conservarse polo menos:

- a. 2 anos
- b. 5 anos
- c. 3 anos
- d. 4 anos.

2. O rexistro de animais mortos nas explotacións deberá conservarse polo menos:

- a. 3 anos
- b. 5 anos
- c. 4 anos
- d. 1 ano.

3. Os becerros poden estar atados no momento de lactación como máximo:

- a. 1 hora
- b. 2 horas
- c. 3 horas
- d. 4 horas.

4. No caso de que existan na explotación becerros atados, as ataduras revisaranse:

- a. Frecuentemente
- b. Permitirán aos becerros deitarse e descansar
- c. Non lles producirán lesións
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Os aloxamentos individuais (para becerros <8 semanas):

- a. Permitirán contacto visual entre os animais
- b. Permitirán contacto táctil entre os animais
- c. Terán unha anchura igual á altura do becerro do pé á cruz
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

6. Para becerros criados en grupo (entre 8 semanas e 6 meses), un becerro de máis de 220 kg dispoñerá dun espazo de:

- a. 1,80 m² como mínimo
- b. 1,70 m² como mínimo
- c. 1,50 m² como mínimo
- d. 1,60 m² como mínimo.

7. A ración diaria que se lles subministra aos becerros debe conter:

- a. Suficiente ferro
- b. Suficiente fibra (para animais de máis de dúas semanas)
- c. Suficiente arsénico
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

8. Os animais mantidos ao aire libre deben protexerse:

- a. Contra as inclemencias do tempo
- b. Contra os predadores
- c. Contra o risco de enfermidades
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

9. Son condicións dos edificios e cortes onde se aloxen animais:

- a. Que poidan desinfectarse e limparse a fondo
- b. Que non presenten bordos afiados nin saíntes que poidan ocasionar feridas
- c. Que teñan chans non escorregadizos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

10. A iluminación artificial nas cortes deberá:

- a. Ser equivalente a 16 horas
- b. Ser equivalente á iluminación natural dende as 7 ás 12 horas
- c. Ser equivalente á iluminación natural dende as 8 ás 17 horas
- d. Ser equivalente á iluminación natural dende as 9 ás 17 horas.

11. Se existe un sistema de ventilación artificial nas explotacións será obrigatorio:

- a. Un termómetro
- b. Un potenciómetro
- c. Un sistema de emerxencia que garanta a renovación do aire
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

12. Os becerros alimentaranse como mínimo:

- a. 1 vez ao día
- b. 2 veces ao día
- c. 3. veces ao día
- d. 4 veces ao día.

13. Aos becerros subministraráselles:

- a. Costro nas 6 primeiras horas de vida
- b. Beta agonistas
- c. Tirostáticos e promotores do crecemento nas primeiras horas de vida
- d. Hormonas hipofisarias nas primeiras horas de vida.

14. Os equipos para o abastecemento de alimento e auga nas explotacións:

- a. Reducirán a contaminación
- b. Reducirán as pelexas entre animais
- c. Serán totalmente asépticas
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

15. Aos becerros poñeráselles bozo:

- a. Sempre que queira o propietario
- b. Cando se operen unicamente
- c. Cando se lles administren medicamentos unicamente
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

16. Que especies teñen normativa específica de BA:

- a. Cans e gatos
- b. Ovellas e cabras
- c. Vacún maior e porcino
- d. Becerros.

17. Se as vacas están estabuladas, é obrigatorio que se inspeccionen:

- a. 2 veces ao día
- b. 3 veces ao día
- c. 5 veces ao día
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

18. Respecto aos edificios e cortes:

- a. Os seus materiais non prexudicarán os animais
- b. Poderanse desinfectar e limpar a fondo
- c. A concentración de gases manterase en niveis non prexudiciais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

19. Os animais mantidos ao aire libre protéxense se fixese falta contra:

- a. Inclemencias do tempo
- b. Predadores
- c. Risco de enfermidades
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

20. Os equipos mecánicos ou automáticos indispensables para manter a saúde e BA inspeccionaranse como mínimo:

- a. 2 veces ao día
- b. 3 veces ao día
- c. 5 veces ao día
- d. 1 vez ao día.

21. Os medicamentos con efecto hormonal e B agonistas non se utilizarán:

- a. Salvo con fins terapéuticos
- b. Esta prohibido o seu uso en calquera situación
- c. Unicamente poderán utilizarse os B agonistas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

22. Nas vacas está permitido o corte de rabos:

- a. Sempre
- b. Nunca
- c. Con prescripción veterinaria
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

23. No gando vacún, segundo as recomendacións do Consello de Europa poderíase sen ser veterinario:

- a. Descornar becerros
- b. Colocar argolas nasais
- c. Castrar touros e becerros
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

25. No gando vacún, segundo as recomendacións do Consello de Europa, debería facer con anestesia ou analxesia:

- a. O descornado cirúrxico
- b. A castración de touros e becerros
- c. A colocación de argolas nasais
- d. As respostas “a” e “b” son correctas.

26. No gando vacún, segundo as recomendacións do Consello de Europa, está prohibido:

- a. A castración de touros
- b. O descornado temperán
- c. A colocación de argolas nasais
- d. A amputación do rabo.

27. O gando ovino e caprino:

- a. Ten normativa específica do BA
- b. Non se considera o BA nestas especies
- c. Aplícaselles a normativa xeral
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

28. Segundo a normativa do BA:

- a. Non se poden mesturar ovellas e cabras nun rabaño
- b. Non se poden destetar os cordeiros antes dos 50 días
- c. Os cabritos pódense destetar aos 28 días
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

29. Segundo as recomendacións do Consello de Europa, o corte de rabo en ovino e caprino está permitido con:

- a. Analxesia unicamente
- b. Anestesia unicamente
- c. Anestesia e analxesia
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas .

30. Segundo as recomendacións do Consello de Europa, para ovino e caprino non se permite:

- a. O corte de rabo
- b. A castración
- c. O descornado
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

31. Segundo as recomendacións do Consello de Europa, permítese o descornado no gando ovino e caprino:

- a. Con anestesia
- b. Con analxesia
- c. Son correctas as dúas respostas anteriores
- d. Son incorrectas as respostas anteriores.

32. Os becerros deben manterse en grupos se superan as 8 semanas de idade, salvo que:

- a. Un veterinario certifique que os becerros se deben manter illados
- b. Sexa unha granxa con menos de 6 becerros
- c. Os animais acompañan a súa nai para ser aleitados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

33. Os aloxamentos individuais para becerros:

- a. Deberán ter tabiques perforados e permitirlles contacto visual e táctil
- b. Deberán ter tabiques lisos non perforados
- c. Non fai falla que exista contacto visual
- d. Non fai falla que exista contacto táctil.

34. Os becerros na explotación recibirán costro:

- a. Sempre antes das 10 primeiras horas de vida
- b. Non é obrigatorio que reciban costro
- c. Sempre antes das 6 primeiras horas de vida
- d. O costro terá obrigatoriamente que estar pasteurizado.

35. Aos becerros na explotación pódeseles poñer bozo:

- a. Sempre
- b. Nunca
- c. Só nas explotacións extensivas
- d. Só nas explotacións intensivas.

36. Os becerros estabulados na explotación inspecciónanse:

- a. 1 vez ao día
- b. 2 veces ao día
- c. 3 veces ao día
- d. Cando o gandeiro queira.

37. Os chans nas cortes dos becerros:

- a. Non serán ásperos
- b. Poderanse limpar sen dificultade
- c. Poderanse desinfectar
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

38. Os becerros na explotación recibirán polo menos:

- a. 3 racións diarias de alimentos
- b. 5 racións diarias de alimentos
- c. 6 racións diarias de alimentos
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

39. O antecesor do actual gando vacún é o:

- a. Bos taurus
- b. Bos indicus
- c. Uro
- d. Bos bubalus.

40. A distancia á cal un vacún comeza a fuxida dun home ou corpo extraño é:

- a. Zona de protección
- b. Zona de prevención
- c. Zona de fuga
- d. Zona de alarma.

41. No gando vacún pódense cambiar as relacións sociais ata nun:

- a. 10%
- b. 20%
- c. 25%
- d. 30%.

42. Xeralmente no gando vacún as primíparas:

- a. Teñen unha xerarquía menor no rabaño
- b. Teñen unha xerarquía maior no rabaño
- c. Teñen unha xerarquía igual que o resto de integrantes do rabaño
- d. Quedan fóra da xerarquía.

43. Os tipos de xerarquía no gando vacún son:

- a. Xerarquía lineal
- b. Xerarquía bidireccional
- c. Xerarquía completa, incompleta e inmóbil
- d. Son certas as respostas “a “ e “b”.

44. Un gando vacún que estea pastando libremente pode percorrer ao día uns:

- a. 4 km
- b. 25 km
- c. 35 km
- d. 40 km.

45. O gando vacún non pode pastar:

- a. Máis preto de 1 cm do chan
- b. Máis preto de 10 cm do chan
- c. Máis preto de 15 cm do chan
- d. Máis preto de 20 cm do chan.

46. No gando vacún o consumo de auga pódese situar en condicións normais sobre o:

- a. 20–25% do seu peso
- b. 15–20% do seu peso
- c. 2–3% do seu peso
- d. 8–10% do seu peso.

47. Durante a rumia o gando vacún:

- a. Adoita estar somnolento
- b. Adoita estar moi esperto
- c. Descansa en decúbito esternal
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

48. A rumia ocupa de xeito aproximado:

- a. 1/2 do tempo empregado en pastar
- b. 3/4 do tempo empregado en pastar
- c. 1/4 do tempo empregado en pastar
- d. 1/3 do tempo empregado en pastar.

49. Nos seus períodos de descanso os bovinos son:

- a. Polifásicos
- b. Trifásicos
- c. Dormen de pé
- d. Difásicos.

50. Dentro dos comportamentos anormais no gando vacún encóntrase:

- a. O enrolamento da lingua no gando leiteiro
- b. O autolambido nos becerros
- c. Son correctas as respostas “a” e “b”
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

51. Nun rabaño a máxima distancia de dispersión que mantén a cohesión do grupo é:

- a. A distancia individual
- b. A distancia social
- c. A distancia de fuxida
- d. Distancia de alarma.

52. Considéranse animais gregarios:

- a. As especies con distancias sociais e individuais curtas
- b. As especies con distancia sociais longas e individuais curtas
- c. As especies con distancias sociais e individuais longas
- d. As especies con distancia social longa e de fuxida curta.

53. Elix a resposta correcta:

- a. O gando ovino ten unha marcada actividade alelomimética
- b. O gando caprino ten unha marcada actividade alelomimética
- c. O gando ovino e caprino non vocaliza en ningunha circunstancia
- d. O gando caprino é pouco independente.

54. Elix a resposta correcta:

- a. A coexistencia de machos ovinos e caprinos é factible nun rabaño
- b. A coexistencia non é factible pola competencia entre eles en época de celo
- c. Os machos de ovino e caprino teñen comportamentos agonísticos que impiden a súa convivencia
- d. Nunca debe haber máis dun macho adulto nun rabaño, xa sexa de ovino ou caprino.

55. A inxerir alimentos as ovellas e as cabras:

- a. Dedícanlles menos de 1/3 do día
- b. Dedícanlles máis de 1/3 do día
- c. Evitan o pastoreo nocturno
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

56. As ovellas:

- a. Prefiren as leguminosas ás gramíneas
- b. Prefiren as gramíneas ás leguminosas
- c. Non teñen preferencia por gramíneas ou leguminosas
- d. Beben un 90% do seu peso ao día.

57. As cabras:

- a. Prefiren inxerir follas de arbustos a pastar
- b. Prefiren pastar a inxerir follas de arbustos
- c. Rumian entre 8–10 horas diarias
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

58. As cabras poden responder a receptores de sabores:

- a. Doce
- b. Salgado
- c. Ácido e amargo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

59. O animal doméstico que menos dorme é:

- a. Ovella
- b. Vaca
- c. Porco
- d. Cabra.

60. Son comportamentos maternais anormais na ovella:

- a. O afillamento
- b. O abandono maternal
- c. O ataque aos años
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

61. O atraso na limpeza posparto na ovella:

- a. É normal nos partos xemelgares
- b. Adoita ocorrer na segunda ou terceira cría
- c. Os años son máis susceptibles á hipotermia
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

1. A normativa sobre porcino é aplicable:

- a. A explotacións intensivas
- b. A explotacións semi-intensivas
- c. A explotacións extensivas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

2. Nas explotacións extensivas de instalación permanente será de aplicación a normativa sobre:

- a. Revestimentos de chans
- b. As condicións do chan
- c. As condicións de luminosidade
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Un porco, segundo a normativa vixente é:

- a. Un animal da especie porcina
- b. Unicamente animais adultos
- c. Unicamente animais destinados á reprodución
- d. Unicamente animais destinados ao engorde.

4. Unha femia da especie porcina tras a puberdade e antes do parto denomínase:

- a. Porca destetada
- b. Porca en lactación
- c. Porca nova
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Unha femia da especie porcina despois do primeiro parto denomínase:

- a. Porca en lactación
- b. Porca celta
- c. Porca
- d. Porca post-desteta.

6. Un porco dende o nacemento á desteta denomínase:

- a. Leitón
- b. Leitón destetado
- c. Verrón
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

7. A nivel normativo, que animais deben recibir una cantidade suficiente de alimentos en volume, ricos en fibra e de elevado contido enerxético:

- a. Porcos novos
- b. Porcos post-desteta
- c. Porcos xestantes
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

8. A data de prohibición de atar os porcos é:

- a. 1 de xaneiro de 2008
- b. 1 de febreiro de 2010
- c. 1 de xaneiro de 2006
- d. 1 de xaneiro de 2013.

9. Son sistemas posibles de alimentación nas explotacións porcinas:

- a. Moegas
- b. Alimentadoras automáticas
- c. Separadores e sistemas de caída lenta
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

10. A formación esixida para os operarios que traballen con animais da especie porcina é de:

- a. 20 horas
- b. Constará de contidos teóricos e prácticos de efectos toxicolóxicos
- c. Constará tanto de contidos como de fisioloxía e estatística
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

11. Na cría do gando porcino evítaranse ruídos na explotación:

- a. Inferiores a 85 dBE
- b. Duradeiros e repentinos
- c. Son correctas as respostas anteriores
- d. Son incorrectas as respostas anteriores.

12. A luminosidade na cría de gando porcino:

- a. Será dunha intensidade máxima de 40 lux
- b. Será como mínimo de 6 horas
- c. Será obrigatorio un sistema que detecte avarías
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

13. Con respecto á estabulación do gando porcino:

- a. Terán acceso a unha área de repouso comfortable termicamente
- b. Estará lavada e limpa
- c. Permitirá que todos os animais se tomben ao mesmo tempo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

14. Un animal enfermo ou ferido:

- a. Recibirá un tratamento axeitado
- b. Illaranse en lugares axeitados
- c. Son correctas as respostas anteriores
- d. Son incorrectas as respostas anteriores.

15. Durante a estabulación os porcos terán acceso permanente a obxectos que lles permitan actividades de investigación coa condición:

- a. Que sexan irrompibles
- b. Que non se poidan comer
- c. Que non comprometan a súa saúde
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

16. Considéranse materiais non aptos na estabulación para a súa manipulación por parte do gando porcino:

- a. Palla e turba
- b. Pneumáticos
- c. Troncos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. Son condicións xerais na estabulación en referencia aos chans que estes sexan:

- a. Non escorregadizos
- b. Axustados ao peso dos animais
- c. Lisos, planos e estables
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

18. Con respecto á alimentación do gando porcino (porcos) con moegas por vontade, ou sistemas de alimentación electrónico, non é obrigatorio normativamente:

- a. O control semanal das instalacións
- b. O acceso ao alimento ao mesmo tempo
- c. A pesaxe diaria do alimento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

19. A redución das puntas dos dentes mediante pulido ou sección parcial realizarase antes dos:

- a. 7 días de idade
- b. 9 días de idade
- c. 10 días de idade
- d. 12 días de idade.

20. Que métodos están permitidos na castración de machos:

- a. O método SIM inguinal
- b. O método ROF con emasculador
- c. O método de esgazadura do tecido
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

21. Se excepcionalmente se realiza o raboteo ou castración a partir do 7º día:

- a. Non está permitido en ningún caso
- b. Está permitido con analxesia e practicado por un veterinario
- c. Está permitido con anestesia e practicado por un veterinario
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

22. O local onde se aloxen os leitóns:

- a. Permitirá que se tomben todos os animais ao mesmo tempo
- b. Deberá ser sólido
- c. Será de cores (verde, azul, etc.)
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

23. En leitóns, se se empregan no chan grellas estas terán:

- a. Entre 11 e 25 mm de anchura máxima entre elas
- b. Entre 50–65 mm de anchura mínima entre elas
- c. Todas as respostas anteriores son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

24. A desteta dos leitóns será:

- a. Antes dos 28 días sempre
- b. Aos 45 días exactos
- c. Aos 30 días exactos
- d. Nunca antes dos 28 días salvo por razóns de saúde ou BA.

25. Nunha explotación de gando porcino co sistema todo dentro-todo-fóra:

- a. Pódese destetar antes dos 28 días
- b. Non se pode destetar antes dos 28 días
- c. Non fai falla destetar
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

26. Un porco de máis de 10 semanas de idade ata o sacrificio ou morte é:

- a. Un porco de reprodución
- b. Un porco de produción
- c. Un leitón destetado
- d. Un porco de sacrificio tardío.

27. Se se empregan chans de formigón engradados para leitóns destetados e porcos de produción de anchura máxima da ranura e un mínimo de anchura de costela serán de:

- a. 14/15 e 60/50
- b. 18/14 e 50/80
- c. 14/18 e 50/80
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

28. Se houberse necesidade de mesturar animais nunha explotación deberase:

- a. Facer antes da semana posterior á desteta
- b. Facela en grupos o máis pequenos posibles
- c. Evitar as pelexas ofrecéndolles oportunidades de escapar, esconderse, etc.
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

29. O uso de tranquilizantes farase:

- a. De forma usual e sen prescripción veterinaria
- b. De forma excepcional
- c. Logo da consulta ao veterinario
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

30. Os verróns poderían nunha cela:

- a. Darse a volta
- b. Oír e ver outros porcos
- c. Unicamente oír outros porcos
- d. Son correctas as respostas a” e “b”.

31. Se existe monta natural, a superficie mínima de obstacular será de:

- a. 15m²
- b. 20m²
- c. 10m²
- d. 25m²

32. Considérase espazo libre nos aloxamentos de reprodutoras:

- a. O espazo total, menos os comedeiros e bebedeiros
- b. Os obxectos que impidan descansos libremente
- c. Os obxectos que impidan deitarse e erguerse libremente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

33. Nos aloxamentos de reprodutoras, os espazos exteriores comunicados coa sala de xestación que permite a entrada e saída, considérase:

- a. Espazo vital
- b. Superficie de chan útil
- c. Espazo de fuga
- d. Zona de balance.

34. As zonas de acceso aos cubículos:

- a. Teñen unha distancia mínima legal
- b. Asegurarán o libre movemento dos animais
- c. Asegurarán a entrada e saída dos animais
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

35. Para porcos criados en grupos, os chans de formigón engradados terá un máximo de anchura da ranura e un mínimo de anchura de costela de:

- a. 30 –90 mm
- b. 35 –85 mm
- c. 20 –90 mm
- d. 20 –80 mm

36. Para aloxamentos para reprodutoras e para porcas novas despois da cubrición e porcas xestantes, necesítase unha parte mínima da superficie na explotación de:

- a. 0,95 e 1,3 m² de chan continuo compacto
- b. Cun 15% máximo para aperturas da drenaxe
- c. Son correctas as dúas respostas anteriores
- d. Son incorrectas as respostas anteriores

37. Os porcos e porcos novos trataranse contra parasitos:

- a. Internos unicamente
- b. Externos unicamente
- c. Só cando sexa necesario
- d. Non se tratan nunca.

38. As porcas e porcas novas unha semana antes do parto:

- a. Deberán dispoñer de material para facer o niño
- b. Non é necesario dispoñer de material para facer o niño
- c. Non se considera na normativa ningún artigo ao respecto
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

39. A duración da xestación en gando porcino é de:

- a. 2 meses, 2 semanas, 2 días, 2 minutos
- b. 3 meses, 3 semanas, 3 días, 3 minutos
- c. 4 meses, 4 semanas, 4 días, 4 minutos
- d. 5 meses, 5 semanas, 5 días, 5 minutos.

40. No gando porcino:

- a. Os porcos estarán atados
- b. Os porcos non estarán atados
- c. Os porcos estarán inmovilizados con traba
- d. Ningunha resposta das anteriores é correcta.

41. Nos chans engradados de formigón para os leitóns, a anchura das aberturas non superará os:

- a. 16 mm
- b. 12 mm
- c. 11 mm
- d. 10 mm.

42. Nos chans engradados de formigón para os leitóns destetados, a anchura das aberturas non superará os:

- a. 14 mm
- b. 16 mm
- c. 18 mm
- d. 20 mm.

43. No interior das granxas porcinas o ruído non debe superar os:

- a. 100 dBe
- b. 80 dBe
- c. 85 dBe
- d. 90 dBe.

44. Nas granxas porcinas os animais disporán de polo menos ao día de:

- a. 8 horas de luz con intensidade mínima de 45 lux
- b. 10 horas de luz con intensidade mínima de 80 lux
- c. 10 horas de luz con intensidade mínima de 30 lux
- d. 8 horas de luz con intensidade mínima de 40 lux.

45. Os porcos alimentados en grupo:

- a. Terán acceso simultáneo aos alimentos sempre
- b. Terán acceso simultáneo aos alimentos unha vez ao día como mínimo
- c. Comerán polo menos 1 vez ao día
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

46. No gando porcino respecto do raboteo e a redución de dentes:

- a. Realizárase de forma rutineira
- b. Non fai falla anestesia ou sedación
- c. Realizárase por capadores titulados
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

47. A castración en verróns:

- a. Pode ser con esgazadura sempre que existan condicións sanitarias axeitadas
- b. Pode realizarse por capadores debidamente formados a partir do 7º día de vida
- c. Debe realizarse con anestesia e analxesia adecuada a partir do 7º día de vida
- d. Debe realizala un veterinario en todos os casos.

48. As celas dos verróns permitirán:

- a. Ulirse
- b. Verse
- c. Oírse
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

49. A superficie do chan para os leitóns permitíralles:

- a. Deitarse e tombarse á vez
- b. A superficie deberá ser sólida
- c. A superficie contará con material de protección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

50. Aínda que existe algunha excepción, os leitóns xeralmente só se poderán destetar con:

- a. 4 semanas ou máis
- b. 6 semanas ou máis
- c. 8 semanas ou máis
- d. 10 semanas ou máis.

51. Respecto á cría de porcos de cebo, o uso de tranquilizantes permítese:

- a. De forma xeneralizada
- b. Só logo da consulta ao veterinario
- c. De forma excepcional
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

52. Considerase que o sentido máis importante no gando porcino é:

- a. Vista
- b. Oído
- c. Olfacto
- d. Tacto.

53. A primeira xerarquización no gando porcino instáurase en:

- a. A adolescencia
- b. O parto
- c. O nacemento a partir das 4 horas de vida
- d. O nacemento á primeira hora de vida.

54. O porcino que marca o territorio, tranquilo e non compite, é o:

- a. Dominante adulto
- b. Líder
- c. Subordinado
- d. Complementario.

55. Respecto das situacións de conflito entre gando porcino:

- a. Realízanse unicamente con contacto físico
- b. Realízanse unicamente sen contacto físico
- c. As femias teñen maior tendencia a pelexar que os machos
- d. Realízanse con contacto ou sen contacto físico.

56. O anelado dos fociños nas explotacións porcinas extensivas:

- a. Non impide o comportamento exploratorio
- b. É unha práctica habitual para evitar lesións entre os animais
- c. É recomendable e moi usado na actualidade
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

57. Os sistemas de enriquecemento ambiental no gando porcino:

- a. Deben de satisfacer a curiosidade dos animais
- b. Non son obrigatorios segundo a normativa vixente, aínda que si recomendables
- c. Deben de satisfacer o comportamento investigador
- d. As respostas “a” e “c” son correctas.

58. O comportamento alimentario nos porcos:

- a. Está claramente ligado ao impulso exploratorio de fozar
- b. Non está claramente ligado ao impulso exploratorio de fozar
- c. Inclúe a selección de comida
- d. Son correctas as respostas “a “ e “c”.

59. A conduta de inxestión dos porcos está condicionada por:

- a. O tamaño e a relación dos grupos
- b. A cantidade e forma física do alimento
- c. A dispoñibilidade do comedero
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

60. Nos porcos a visión doutros animais comendo:

- a. Estimula o apetito
- b. Non estimula o apetito
- c. Só afecta os animais dominantes
- d. Só afecta os machos.

61. Respecto do comportamento do gando porcino:

- a. Ten hábitos moi limpos
- b. Busca nas condicións normais lugares específicos para defecar
- c. Prefire descansar nunha zona seca e escura
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

62. Os porcos:

- a. Carecen de glándulas sudoríparas
- b. Son incapaces de arquexar con intensidade
- c. Teñen glándulas sudoríparas e poden arquexar
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

63. O porco dedica a descansar o:

- a. 75% do día
- b. 90% do día
- c. 15% do día
- d. 20% do día.

64. Respecto ao comportamento sexual e reprodutor do gando porcino:

- a. A porca é poliéstrica continua cada 21 días
- b. O celo dura 3 días
- c. O macho adoita ser proceptivo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

65. No gando porcino o macho:

- a. Cortexa as porcas tanto no estro coma no anestro
- b. Cortexa as porcas só no anestro
- c. Cortexa as porcas só no estro
- d. Cortexa as porcas cando detecta a emisión de feromonas

66. A idade na porca de madurez sexual ocorre aos:

- a. 3 meses
- b. 4 meses
- c. 5 meses
- d. 6 meses.

67. No porcino, na busca e construción do niño distínguense:

- a. 2 fases (busca e preparación)
- b. 1 fase (acondicionamento)
- c. 3 fases (busca, preparación e acondicionamento)
- d. 4 fases (busca, preparación, construción e acondicionamento).

68. O parto dunha porca xeralmente:

- a. Dura entre 2–6 horas e 20 minutos por leitón
- b. Pode provocar indixestións e estrinximentos
- c. Ten lugar pola tarde e noite
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

69. O gruñido de chamada dos porcos no aleitamento:

- a. Repítese a intervalos de 2 segundos durante 1 minuto
- b. Repítese a intervalos de 5 segundos durante 1 minuto
- c. Repítese a intervalos de 3 segundos durante 2 minutos
- d. Non se repite, só o adoita realizar unha vez.

70. Os leitóns:

- a. Comezan a independizarse a partir do mes de vida
- b. Son totalmente independentes a partir das 8–10 semanas de vida
- c. Son totalmente independentes a partir das 2 semanas de vida
- d. Son correctas as respostas “a “ e “b”.

71. O canibalismo nas porcas é máis común:

- a. Nas porcas primíparas e nerviosas
- b. Nas porcas tranquilas
- c. Nas porcas de raza Pietrain
- d. Nas porcas de desvelle.

72. O canibalismo vese agravado por:

- a. O apetito polo sal
- b. A atracción polo sangue
- c. Polo mimetismo entre animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

73. A histeria posparto afecta:

- a. As porcas novatas
- b. As porcas de desvelle
- c. As porcas criadas en intensivo
- d. As porcas de raza Pietrain.

74. A polidipsia nerviosa en porcino pode estar determinada por:

- a. Deficiencias nutricionais
- b. Aberracións do gusto
- c. Deficiencias nos aloxamentos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

75. Nos leitóns acabados de nacer os primeiros signos do xogo son debidos á busca de:

- a. Espazo
- b. Temperatura
- c. Acubillo
- d. Son correctas as respostas "a " e "b".

1. De acordo coa normativa vixente, cal é a densidade máxima das galiñas poñedoras na nave dentro dos denominados sistemas alternativos (chan ou campeiras):

- a. 6 galiñas/m²
- b. 8 galiñas/m²
- c. 9 galiñas/m²
- d. 12 galiñas/m²

2. Cal dos seguintes elementos non é obrigatorio, de acordo coa normativa vixente, nunha gaiola acondicionada:

- a. Niño
- b. Cama
- c. 750 cm² de superficie útil por galiña
- d. 12 cm de comedeiro lonxitudinal por galiña.

3. No caso de decantarse por niños individuais para un sistema alternativo de poñedoras, a proporción de galiñas por niño debe ser como mínimo de:

- a. 7
- b. 9
- c. 10
- d. 12

4. No caso de decantarse por comedeiros circulares para un sistema alternativo de galiñas poñedoras, a lonxitude dispoñible por galiña será como mínimo de:

- a. 1 cm
- b. 4 cm
- c. 10 cm
- d. 12 cm.

5. Cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- a. A norma de avicultura ecolóxica establece densidades menores que a produción convencional avícola
- b. O sistema extensivo en galiñeiro (polo de curral) é un sistema de produción de carne facultativo que contempla a saída ao exterior das aves
- c. A castración está permitida para determinadas producións avícolas suxeita a determinadas condicións
- d. Os polos de carne (broiler) deben inspeccionarse polo menos 2 veces ao día.

6. Na actualidade cal é a densidade máxima de produción de carne (broiler) criados nunha nave convencional, expresados en kg/m²:

- a. 30
- b. 33
- c. 35
- d. 40

7. Na actualidade cal sería a densidade máxima de produción de carne (broiler) criados nunha nave que cumpra os requisitos máximos e conte cos permisos correspondentes para traballar á máxima densidade prevista na normativa, en kg/m²:

- a. 33
- b. 38
- c. 40
- d. 42

8. De acordo coa normativa de benestar animal, o tempo mínimo que deberán conservarse os rexistros de tratamentos, mortalidade, lotes de cría, etc., é de:

- a. 3 anos
- b. 4 anos
- c. 5 anos
- d. 10 anos.

9. Cal dos seguintes parámetros non se considera para poder traballar a densidades altas na produción de carne (broiler):

- a. Concentracións de NH_3 e CO_2
- b. Calefacción
- c. Humidade relativa
- d. Diferenza de temperaturas exterior/interior.

10. Cal das seguintes especies carece dunha recomendación específica de benestar animal:

- a. *Gallus gallus*
- b. *Cairina moschata*
- c. *Alectoris rufa*
- d. *Meleagris gallopavo*.

11. Cal dos seguintes elementos non é necesario nunha gaiola acondicionada:

- a. Dispositivo de recorte de pico
- b. Niño
- c. Dispositivo de recorte de uñas
- d. Cama.

12. Nunha gaiola acondicionada que elemento debe ter maior lonxitude:

- a. O comedero
- b. O poleiro
- c. O poleiro e o comedero deben ter a mesma lonxitude
- d. Ningún dos anteriores, é o niño.

13. A superficie total dunha gaiola acondicionada debe ser superior a:

- a. 750 cm²
- b. 1.000 cm²
- c. 2.000 cm²
- d. 3.000 cm²

14. A altura das gaiolas acondicionadas non pode ser en ningún punto inferior a:

- a. 45 cm
- b. 40 cm
- c. 35 cm
- d. 20 cm

15. A anchura mínima dos corredores entre gaiolas é de:

- a. 50 cm
- b. 75 cm
- c. 90 cm
- d. 100 cm

16. No caso de niños colectivos, cal é o número máximo de galiñas por cada m² de niño:

- a. 75
- b. 100
- c. 120
- d. 150

17. Respecto dos poleiros en sistemas alternativos cal destas afirmacións non é correcta:

- a. Non poden estar sobre a cama
- b. Deben ofrecer 12 cm por ave
- c. Deben a estar polo menos a 20 cm da parede
- d. Deben estar a 30 cm entre si.

18. Nun sistema alternativo con varios niveis o máximo número de niveis é de:

- a. 4
- b. 5
- c. 6
- d. Non existe tal limitación.

19. Se o primeiro díxito que aparece gravado no código dun ovo é un “1”, iso significa que foi producido nun sistema:

- a. Ecolóxico
- b. Campeiro
- c. Chan
- d. Gaiola.

20. Nunha nave de poñedoras ecolóxicas non pode haber máis de:

- a. 500
- b. 1.000
- c. 2.000
- d. 3.000

21. Cal das seguintes doenzas dos coellos non adoita estar relacionada co benestar animal:

- a. Enterite mucoide
- b. Mal de patas
- c. Conxuntivite por amoníaco
- d. Golpe de calor.

22. Cal dos seguintes comportamentos non se considera unha esterotipia nos coellos:

- a. Morder a gaiola un macho adulto
- b. Arrancar o pelo unha femia xestante
- c. Movementos repetitivos dun lado a outro en animais novos
- d. Todas as anteriores.

23. Cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a. Os peixes non senten dor
- b. Os peixes reaccionan menos aos estímulos mecánicos
- c. Os peixes reaccionan menos aos estímulos químicos
- d. Non é necesario atordar os peixes antes do sacrificio, sempre que se reduza o seu metabolismo por frío a menos de 4°C.

24. Cal das seguintes prácticas de sacrificio de peixes resulta inadmisíble:

- a. Asfixia ao aire
- b. Decapitación sen atordamento previo
- c. Dióxido de carbono
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

25. Que distancia mínima debe existir entre a cruz dun équido e o teito do espazo onde é transportado:

- a. 75 cm
- b. 50 cm
- c. 30 cm
- d. Non está regulado

26. Os visóns pertencen á familia dos:

- a. Carnívoros
- b. Mustélidos
- c. Peleteiros
- d. Felinos

27. Entre as características do método de matanza por CO₂ producido por un motor non se encontra:

- a. Provoca un atordamento máis rápido dada a mestura de gases, ademais do propio CO₂
- b. Resulta seguro e inocuo para o operador
- c. É máis económico ao non precisar a subministración e o manexo de bombonas
- d. Cómprelle un filtro para evitar impurezas e arrefriar os gases emitidos.

28. Entre as características do método de matanza por CO₂ non se encontra:

- a. As altas concentracións de CO₂ provocan irritación nas mucosas antes do atordamento
- b. Non aparecen convulsións na fase de coma
- c. Non precisa de filtro
- d. Pódese empregar mesturado con gases inertes como o argon.

29. A concentración mínima de monóxido de carbono (CO₂) obtida dun motor de combustión para sacrificar visóns debe ser do:

- a. 1 %
- b. 5 %
- c. 10 %
- d. 15 %.

30. A temperatura dos gases obtidos dun motor de combustión para gasear os visóns non debería ser superior a:

- a. 30° C
- b. 35° C
- c. 40° C
- d. 45° C.

31. En materia de BA nas explotacións de avicultura de posta (producción de ovos) é de aplicación:

- a. A normativa xeral para todas as especies (RD 348/2000)
- b. A resposta a) e o RD 1084/2005 de ordenación da avicultura de carne
- c. A resposta a) e a específica para galiñas poñedoras (RD 3/2002)
- d. A resposta b) e a específica para galiñas poñedoras (RD 3/2002).

32. En materia de BA nas explotacións de avicultura de carne:

- a. Non se dispón de normativa específica (só o RD 348/2000)
- b. Teñen regulación específica os polos de carne
- c. Só está regulado o seu transporte e sacrificio
- d. A resposta b) e o RD de ordenación (RD 1084/2005) que incorpora algúns aspectos para reprodutores e outras especies.

33. As gaiolas en batería (non acondicionadas) para poñedoras:

- a. Prohibíronse en 2010
- b. Prohibíronse en 2012
- c. Prohibíranse en 2015
- d. Prohibíranse en 2020.

34. Cal das seguintes especies carece dunha recomendación específica de BA aprobada polo Consello de Europa (CdE):

- a. Coellos
- b. Pavos
- c. Ñandús
- d. Animais de peletería.

35. Cal dos seguintes elementos de enriquecemento se emprega habitualmente nas gaiolas con coellos reprodutores:

- a. Recorte de uñas
- b. Cama
- c. Repousapatas
- d. Repousacabezas.

36. Cal dos seguintes sistemas non se utiliza para a matanza dos visóns.

- a. Bombona de CO₂
- b. Bombona de CO
- c. Escape de motor de combustión
- d. Pistola de caravilla perforadora cativa.

37. Cal é un dos problema máis importantes do benestar respecto dos visóns:

- a. O estrés no transporte cara ao sacrificio
- b. Os comedeiros
- c. As dimensións, estado e acondicionamento das gaiolas
- d. As mutilacións non autorizadas.

38. O regulamento de protección dos animais durante a matanza contempla determinadas situacións fóra dos matadoiros como:

- a. A matanza dos animais de peletería
- b. A matanza de poliños e ovos embrionados nas incubadoras
- c. As matanzas realizadas por motivos sanitarios
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

39. Segundo a normativa a densidade máxima á que excepcionalmente se poden criar polos de carne é:

- a. 30 kg/m²
- b. 33 kg/m²
- c. 39 kg/m²
- d. 42 kg/m²

40. Segundo a normativa, a densidade máxima á que excepcionalmente se poden criar pavos de carne é:

- a. 30 kg/m²
- b. 33 kg/m²
- c. 39 kg/m²
- d. Non está fixada unha densidade máxima na normativa vixente.

41. Respecto ao comportamento social das aves:

- a. É sofisticado
- b. É xerarquizado
- c. A dominancia está relacionada coa idade e o sexo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

42. Respecto ás aves:

- a. Poden recoñecer ata 100 individuos
- b. Teñen máis de 30 tipos diferentes de vocalización
- c. Unicamente vocalizan ante perigos
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

43. A chamada das galiñas poñedoras denomínase:

- a. Galken
- b. Keeling
- c. Dutch
- d. Spring.

44. As aves prefiren para descansar:

- a. As perchas en horario nocturno
- b. As tardes
- c. Cando teñen apetito
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

45. As manifestacións cinéticas do comportamento do galo son:

- a. 7
- b. 6
- c. 5
- d. 4

46. As aves teñen un apetito específico polo:

- a. Sodio
- b. Calcio
- c. Cobre
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

47. As aves dedican ao comportamento alimentario, cinético e exploratorio o:

- a. 40% do día
- b. 50% do día
- c. 60% do día
- d. 90% do día.

48. Os pitos aprenden a elixir a comida por:

- a. Chamadas de alimento delicioso
- b. Método ensaio-erro
- c. Por ter un sentido do oído excepcional
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

49. Nas aves, a glándula uropixial:

- a. Encóntrase próxima á base da cola
- b. Permite manter as plumas flexibles
- c. Produce aceite e ceras
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

50. A posta ou expulsión do ovo dura xeralmente:

- a. 1-2 horas
- b. 3-5 horas
- c. 10 minutos
- d. 20 minutos.

51. Nas aves, no 25% das especies:

- a. A femia incuba soa
- b. Incuba o macho
- c. Altrénanse ao 50%
- d. Teñen parches de incubación.

52. Os ovos para incubarse teñen que estar a unha T^a de:

- a. 37-38°C
- b. 50°C
- c. 15-20°C
- d. 15°C durante 1 mes.

53. Os pitos son capaces de manter a súa temperatura corporal por eles mesmos aproximadamente:

- a. As 3 primeiras semanas de vida
- b. A 1^a semana de vida
- c. O 1º mes
- d. Os 2 primeiros meses.

54. O canibalismo nas aves poñedoras relaciónase coa:

- a. Elevada densidade de animais
- b. Estrés
- c. Escaseza de alimentos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

55. A inactividade como comportamento anormal:

- a. É típica nas aves de cebo
- b. É típica nos broilers e pavos con dificultades para andar
- c. É típica de ratites
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

56. O coello é:

- a. Moi sensible ás condicións ambientais intensivas
- b. Pouco sensible ás condicións ambientais intensivas
- c. Presenta ovulación inducida e cecotrofia
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

57. Os coellos son:

- a. Animais gregarios unicamente
- b. Animais territoriais unicamente
- c. Animais territoriais e gregarios
- d. Pouco xerárquicos.

58. Os cazapos nunha camada:

- a. Teñen comportamento imitativo
- b. Nunca comen á vez
- c. Nunca beben á vez
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

59. Os coellos machos:

- a. Sempre se enfrontan coas femias
- b. Rara vez se enfrontan ás femias
- c. Non adoitan enfrontarse entre eles
- d. Son correctas as respostas "b" e "c".

60. Nas pelexas entre femias, as zonas máis atacadas son:

- a. A cabeza unicamente
- b. As orellas e ollos
- c. A cabeza e zonas traseiras
- d. O fociño.

61. A cecotrofia:

- a. Permite o aproveitamento de vitaminas hidrosolubles
- b. Permite a percepción nocturna
- c. Os coellos non a realizan
- d. Unicamente se dá en cazapos.

62. Nos coellos:

- a. As feces brandas excrétanse durante o día
- b. As feces brandas excrétanse durante a noite
- c. As feces duras excrétanse durante o día
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

63. Os cecotrofos:

- a. Teñen aspecto xelatinoso
- b. Están recubertos de mucosidade
- c. Cómense tan axiña como son excretados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

64. A xestación dunha coella dura entre:

- a. 28–30 días
- b. 15–24 días
- c. 24–45 días
- d. 21 días.

65. Os cazapos nacen:

- a. Cegos
- b. Sen pelo
- c. Inmunoloxicamente indefensos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

1. A instauración da Política Agraria Común arranca dende:

- a. O Tratado de Roma
- b. O Tratado de París
- c. O Tratado de Maastricht
- d. O Tratado de Ámsterdam.

2. Historicamente o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA) tiña dúas seccións:

- a. Garantía e reordenación
- b. Garantía e orientación
- c. Garantía e prevención
- d. Garantía e preferencia.

3. Son principios da PAC:

- a. A solidariedade financeira e a unidade de mercado
- b. O mercado das OCM
- c. A preferencia nacional e rexional
- d. A solidariedade da OMC.

4. A PAC entrou en vigor no ano:

- a. 1962
- b. 1963
- c. 1964
- d. 1965

5. A reforma da PAC de 1992 supuxo:

- a. O aumento dos prezos agrícolas pola actuación das OCM
- b. A compensación con axudas directas
- c. A compensación por caixa común e tenteo directo
- d. O aumento dos contratos fiscais.

6. A partir da axenda 2000, a agricultura europea formúlase como unha actividade:

- a. En conflito coa sostibilidade
- b. Con falta de competitividade
- c. Sostible e competitiva
- d. As respostas “a” e “b” son correctas.

7. A reforma da PAC de 2003 introduce:

- a. O pagamento único por explotación (desacoplamento)
- b. A condicionalidade
- c. A modulación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

8. A reforma da PAC de 2003 establece a disciplina financeira do orzamento agrícola ata o ano:

- a. 2012
- b. 2013
- c. 2014
- d. 2015

9. A obriga de cumprimento dun conxunto de requisitos de seguridade alimentaria, ambientais e do BA denomínase:

- a. Condicionalidade
- b. MARM
- c. Desacoplamento
- d. Ningunha resposta das anteriores é correcta.

10. Entre os piares básicos da condicionalidade están:

- a. Os requisitos legais de xestión
- b. As boas condicións agrarias e ambientais
- c. As dúas respostas anteriores son correctas
- d. Ningunha resposta das anteriores é correcta.

11. A condicionalidade no ámbito do BA comprende dende o ano 2010:

- a. 58 puntos
- b. 60 puntos
- c. 62 puntos
- d. 65 puntos.

12. Os incumprimentos da condicionalidade segundo a normativa clasifícanse en:

- a. Intencionados e non intencionados
- b. Intencionados e negligencias
- c. Intencionados e faltas graves
- d. Intencionados e de infracción dolosa.

13. Os incumprimentos avalíanse en función de:

- a. 4 criterios
- b. 2 criterios
- c. 5 criterios
- d. 3 criterios.

14. A redución de pagamentos directos por una neglixencia está nun rango entre o:

- a. 5% e o 15%
- b. 5% e o 10%
- c. 5% e o 20%
- d. As neglixencias non supoñen redución dos pagamentos directos.

15. Os gandeiros deberán sistematicamente:

- a. Anotar os animais mortos
- b. Anotar os medicamentos veterinarios usados
- c. Manter os rexistros anteriores polo menos 3 anos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

16. Nas instalación gandeiras deberase controlar:

- a. A ventilación e o nivel de po
- b. A temperatura
- c. A humidade relativa do aire e a concentración de gases
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. O primeiro plan de acción comunitario da UE (Unión Europea) para o BA comezou no ano:

- a. 2009
- b. 2006
- c. 2007
- d. 2008

18. A nova estratexia da UE para a sanidade animal abrangue o período:

- a. 2007–2013
- b. 2007–2014
- c. 2007–2015
- d. 2003–2013

19. Entre os ámbitos de acción do programa de acción comunitaria do BA non se encontra:

- a. Promover a investigación
- b. Introducir indicadores estandarizados do BA
- c. Introducir as normas do IFOAM respecto á gandería ecolóxica
- d. Mellorar a información aos profesionais e ao público en xeral.

20. A elaboración de guías de boas prácticas do BA:

- a. É una actividade propia da OMC en colaboración coa OIE
- b. É una actividade que cómpre promover polas autoridades competentes europeas
- c. Non é necesario a nivel europeo
- d. Limítase unicamente á experimentación animal.

21. A UE considera os animais como:

- a. Seres sensibles, que senten e padecen
- b. Seres animados
- c. Seres inanimados que padecen
- d. Exentos de lexislación.

22. Que organización non traballa no ámbito do BA en Europa

- a. OMC
- b. EFSA
- c. ECVAM
- d. EAAP

23. A EFSA traballa no BA:

- a. Asesorando organismos e estados europeos
- b. Mediante o panel AHAW
- c. Promovendo a seguridade alimentaria
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

24. Os aspectos socioeconómicos do BA estúdanse en Europa mediante o proxecto:

- a. Catra
- b. Cost
- c. Freedom
- d. Econwelfare.

25. Entre as especificacións sobre o BA na etiquetaxe encóntrase o:

- a. Welfare Quality
- b. Cost
- c. IXP
- d. Freedom Food.

26. Considérase que o valor engadido do BA débese a:

- a. Ser un elemento da agricultura sostible
- b. Ser un elemento que non esgota as reservas
- c. Crear oportunidades empresariais e aumentar os rendementos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

